

PLAN DE VOLUNTARIADO

PLATAFORMA DE ORGANIZACIÓNS DE INFANCIA DE GALICIA

plataforma de
organizaci3ns
de **infancia**
galicia



CONTIDO

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. PRESENTACIÓN DA PLATAFORMA	3
4. OBXECTIVO XERAL DO PLAN DE VOLUNTARIADO	5
5. DESTINATARIOS DA ACCIÓN VOLUNTARIA	6
6. ENDEREZO DAS INSTALACIÓNS DAS ACTIVIDADES	6
7. RECURSOS DA ENTIDADE	6
8. ÁREAS DE INTERVENCIÓN EN MATERIA DE VOLUNTARIADO	6
8.1. ÁREA DE COORDINACIÓN/XESTIÓN	7
8.2. ÁREA DE ASESORAMENTO	8
8.3. ÁREA DE COMUNICACIÓN	8
8.4. ÁREA DE INVESTIGACIÓN	9
8.5. ÁREA DE EVENTOS	9
8.6. ÁREA DE SENSIBILIZACIÓN	9
8.7. ÁREA DE ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN INFANTIL	10
9. CRONOGRAMA ACTIVIDADES (TEMPORALIZACIÓN E ORZAMENTO)...	12
10. PROCESO DE XESTIÓN DO VOLUNTARIADO	13
10.1. ACOLLIDA E ORIENTACIÓN	13
10.2. INCORPORACIÓN	13
10.3. FORMACIÓN	14
10.4. DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN VOLUNTARIA	14
10.5. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO.....	14
10.6. DESVINCULACIÓN	15
10.7. RECOÑECEMENTO DA LABOR REALIZADA	16
11. DEREITOS DA PERSOA VOLUNTARIA	16
12. DEBERES DA PERSOA VOLUNTARIA	17
13. MARCO NORMATIVO	17



INTRODUCCIÓN

O artigo 14 da Constitución Española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo, asignando aos poderes públicos a obrigaón de promover as condicións necesarias para que a igualdade sexa efectiva. Con intención de asegurar e perpetuar o cumprimento deste principio xurídico universal, naceu a Lei Orgánica para a Igualdade Efectiva de Mujeres e Homes do 22 de marzo de 2007, que ten por obxecto: «facer efectivo o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, en particular mediante a eliminación da discriminación da muller en calquera ámbitos da vida e, singularmente, nas esferas política, civil e laboral.»

Posteriormente, o Real Decreto-Lei 6/2019 do 1 de marzo, de medidas urxentes para a garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación.

A POI DE GALICIA E A IGUALDADE

A POIG puxo en marcha o seu primeiro Plan de Igualdade con medidas que xurdiron do diagnóstico e da planificación, ademais da interiorización e sensibilización sobre a perspectiva de xénero e a equidade.

No mesmo, constan catro accións principais de implementación asumidas como obrigado compromiso por parte da plataforma. Estas son:

- Adquirir o compromiso de manter formada e informada a todo o persoal en canto a igualdade, equidade e perspectiva de xénero.
- Aplicación dunha linguaxe inclusiva mediante boas prácticas que xa viña desenvolvendo a POIG, establecendo uns mínimos estándares de cumprimento para o correcto uso da linguaxe inclusiva e integradora.
- Adecuación dos procesos de contratación de recursos humanos aos principios de equidade e igualdade, incluíndo a perspectiva de xénero na esfera laboral de recursos humanos.
- Medidas antiacoso, medidas fundamentais, que serán de obrigada subscripción tanto para o persoal e os grupos de traballo como para todos os axentes externos que colaboren de forma habitual coa Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia.



INTRODUCCIÓN

A infancia é o período da vida humana comprendido entre o nacemento e a adolescencia. Enténdese por infancia o período de vida das persoas comprendido dende o nacemento ata os doce anos de idade, e por adolescencia o que abarca dende os doce anos ata a maioría de idade.

Este concepto evolucionou ao longo da historia, así coma a importancia que se lle outorgou a os nenos e nenas. Esta transformación, levou a que nos últimos 40 ou 50 anos se lle preste máis atención a este período de vida, como momento crucial para o desenvolvemento físico, intelectual, social e emocional de cada persoa.

Os nenos e nenas requiren dunha atención especial durante os anos de infancia, e como tal, precísase comprenderse e respectarse como tal. O recoñecemento público desta necesidade incrementou a obriga de programas para os pequenos,¹ centrados maioritariamente na súa educación ata o establecemento da Convención dos Dereitos do Neno das Nación Unidas no ano 1989.

Esta convención enfeitiza que os nenos e nenas teñen os mesmos dereitos que os adultos, e subliña aqueles dereitos que se desprenden da súa especial condición de seres humanos; os cales, por non alcanzar o pleno desenvolvemento físico e mental, requiren dunha protección especial. Desde modo, a sociedade incrementou o seu sentimento cara a necesidade de responsabilizarse e actuar a prol do benestar da infancia, favorecendo a participación nos procesos de participación dos nenos e nenas.

Sen embargo, os dereitos que propugna a convención non sempre se chegan a cumprir. Para iso, existen diversas organizacións sociais que favorecen o seu desenvolvemento e tratan de que os dereitos mencionados na devandita convención non se esquezan.

1Ao longo do documento, sempre que se estea a falar en termos masculinos, refírese tamén aos femininos. O único motivo de non usar un vocabulario inclusivo e de igualdade é a de propiciar unha lectura máis fluída para o lector.



2. PRESENTACIÓN DA PLATAFORMA

A Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia (POIG), é una plataforma territorial enmarcada no marco xeral de acción da Plataforma da Infancia estatal, nada no ano 1997, coa misión de auñar os esforzos de organización de ámbito estatal que traballan no ámbito da infancia e de crear un espazo de coordinación que defenda, promova e protexa os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes no país, conforme á Convención sobre os Dereitos do Neno.

O marco de acción no que se desenvolve a Plataforma estatal, posúe como obxectivos específicos: sensibilizar á sociedade para o coñecemento e o respecto dos dereitos da infancia, desenvolver o diálogo, a colaboración e a participación en todos os organismos públicos e privados relacionados co benestar da infancia e na aplicación dos seus dereitos; impulsar as políticas xerais e sectoriais que promovan o benestar da infancia e especialmente de aqueles nenos e nenas en situación de risco individual e social; promocionar a participación e o asociacionismo da infancia; denunciar as situacións de vulneración dos dereitos da infancia por parte das institucións públicas, do sector privado ou dos particulares; fortalecer as estruturas democráticas e da sociedade civil mediante o apoio, a creación e consolidación de plataformas, coordinadas ou redes de infancia nacionais e internacionais; e defender e promover os dereitos humanos e as liberdades fundamentais, a paz, a democracia e a participación cidadá en condicións de igualdade para mulleres e homes, en especial de nenos e nenas, e en xeral, na non discriminación por razón de sexo, raza, idade, cultura ou relixión, e o respecto á diversidade, a través de programas, proxectos e accións de cooperación internacional para o desenvolvemento.

Dentro deste marco de acción, no ano 2018 nace a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, co CIF G70556360 e número de inscrición no Rexistro Central de Asociacións de Galicia 2018/022401-1º.

Trátase dunha alianza de entidades sen ánimo de lucro que actúa no territorio galego, sen prexuízo de realizar actuacións estatais e internacionais a favor do bo trato á infancia e adolescencia, para protexer e promocionar os dereitos fundamentais dos máis pequenos. O seu interese é incrementar o benestar da infancia, denunciar e facer seguimento das situacións que vulneren os dereitos das persoas menores de idade.

En referencia a o presente Plan de Voluntariado da Plataforma, a POIG quere potenciar o voluntariado, favorecendo a participación de persoas voluntarias de todas as idades, que de maneira altruísta queiran ocupar partedo seu tempo libre traballando pola realización dos ideais que sostén, a través dunha colaboración activa na procura da consecución dos seus obxectivos.



3.CONCEPTO DE VOLUNTARIADO

A efectos da Lei 10/2011 do 28 de novembro de Acción Voluntaria de Galicia, e citando á mesma, ten a consideración de persoavoluntaria a persoafísica que, en virtude da súa decisión persoal, libre, altruísta e nunha situación de inexistencia de relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado, participe en calquera actividade de acción voluntaria mediante unha entidade de acción voluntaria como a Plataforma.

Adicionalmente, as persoas menores de idade poden participar igualmente en programas e proxectos de voluntariado especificamente adaptados ás súas características, mediante autorización expresa de seus pais, dos seus titoresou da institución que os teña ao seu cargo, con respecto en todo caso á vontade do menor. A condición de persoal voluntario é compatible coa condición de membro da directiva da Plataforma e coa de coordinador de programas ou proxectos de voluntariado, sempre que o cargo non sexa retribuído.

Sen embargo, é incompatible co desempeño de calquera actividade suxeita a retribución económica pola mesma entidade de acción voluntaria na que se integre, cuxa natureza, contido e obxecto poidan ter relación cos propios da actividade voluntaria.

Adicionalmente, pódense concretar algúns principios básicos sobre a persoa voluntaria con respecto á Plataforma:

- Participación: que cada voluntario desexe participar nas actividades que desenvolve.
- Compromiso: que cada voluntario se identifique cos seus principios, ideas e modo de traballo.
- Capacitación: que cada persoa voluntaria estea disposta a adquirir a formación precisa para a actividade que desexa desenvolver na mesma.
- Motivación: que cada voluntario reciba unha adecuada atención conforme as súas expectativas, ademais de un seguimento adecuado ás actividades a desenvolver.
- Disposición: que cada voluntario aporte o tempo preciso para o cumprimento dos compromisos asumidos de formación, participación, asunción de responsabilidades e das tarefas encomendadas.
- Adicionalmente, existen algunhas aptitudes e actitudes desexables que favorecen a realización do traballo voluntario:
- Asumir os principios de actuación e obxectivos da Plataforma.



- Sensibilidade polos obxectivos das entidades pertencentes á Plataforma.
- Tolerancia, discreción e respecto ás persoas e entidades pertencentes.
- Disposición, capacidade de adaptación e aprendizaxe.
- Iniciativa.
- Capacidade de traballar en equipo.
- Coherencia persoal cos valores que impulsa a Plataforma.

4. OBXECTIVO XERAL DO PLAN DE VOLUNTARIADO

O obxectivo xeral do Plan de Voluntariado, é a de integrar a persoas voluntarias no seno da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, como elemento de apoio, transformación e innovación no funcionamento da oficina ou nas diversas comisións que integran a POIG. Para o mesmo, identifícanse unha serie de compromisos:

- Incorporar ao voluntariado á Plataforma como elemento estratéxico para lograr un cumprimento dos seus obxectivos.
- Transferir os fins e valores da Plataforma para que as persoas voluntarias poidan compartilos e identificarse con eles.
- Acompañar ás persoas voluntarias, dende o momento da súa incorporación ata a súa desvinculación do voluntariado.
- Recoñecer o papel do voluntariado como elemento transformador e de innovación.
- Debater e integrar as iniciativas promovidas polas persoas voluntarias aos deseños estratéxicos e operativos da plataforma.
- Fomentar a formación de persoas voluntarias mediante unha capacitación sobre as funcións a desenvolver e seguimento as súas actividades.

5. DESTINATARIOS DA ACCIÓN VOLUNTARIA

Os destinatarios das accións e actividades que realizan as persoas voluntarias da POI de Galicia, son as entidades sen ánimo de lucro relacionadas coa infancia, que contan con actividade na Comunidade Autónoma de Galicia e que a compoñen.

Igualmente, os beneficiarios destas actividades son as persoas ligadas ás prestacións que ofrece a POIG. En gran medida os nenos, nenas e adolescentes, repercutindo de forma xenérica no conxunto da sociedade.



6. ENDEREZO DAS INSTALACIÓNS DAS ACTIVIDADES

A localización dende onde se coordinan e xestionan as diversas actividades realizadas no eido do voluntariado, cita na Rúa Belvís, nº2, C.P. 15703, Santiago de Compostela (A Coruña), no teléfono 981582243 e correo electrónico secretariatecnica@infanciagalicia.org.

Sen embargo, a localización da execución das accións voluntarias pode modificarse para a realización de tarefas que teñan lugar fora da oficina, ou no caso de realizar un voluntariado non presencial.

7. RECURSOS DA ENTIDADE

Os recursos humanos que pose a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, baséanse nunha persoa contratada responsable da Secretaría Técnica da entidade, ademais de persoas voluntarias para o apoio nas labores da Plataforma.

Referente aos recursos materiais, a Plataforma vóllese dunha oficina e de equipos técnicos prestados polas organizacións membro, as cales son unha computadora e unha fotocopiadora para a realización das tarefas diarias.

8. ÁREAS DE INTERVENCIÓN EN MATERIA DE VOLUNTARIADO

As actividades a desenvolver en materia de voluntariado enmárcanse nas seguintes liñas de acción:

- Área de coordinación/xestión: Representación do sector das organizacións da infancia na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Área de asesoramento: Recomendacións ás entidades membro da Plataforma.
- Área de comunicación: Incrementar e mellorar o traspaso de información sobre temas relacionados coa infancia e adolescencia a nivel interno e externo.



- Área de Investigación: Elaboración de informes e estudos que teñen como finalidade unha mellora nas condicións da infancia.
- Área en eventos: Realización de campañas, seminarios, conferencias, debates e charlas ou coloquios relacionadas cos obxectivos finais das entidades pertencentes á Plataforma.
- Área de sensibilización: Concienciar sobre os dereitos dos nenos e das nenas.
- Área de asociacionismo e participación infantil: Realización de actividades que fagan partícipes aos nenos, nenas e adolescentes das reivindicacións dos seus dereitos.

8.1. ÁREA DE COORDINACIÓN/XESTIÓN

- Soporte á POIG como representante do sector das entidades que traballan pola infancia en Galicia, como axuda na mellora dos dereitos dos nenos e das nenas, unificando, incrementando e mellorando deste xeito o sector da infancia.
- Facilitación de procesos participativos, decisorios de cara a realización de acordos das organizacións sociais e de todos os axentes involucrados co benestar da infancia.
- Revisión de datos oficiais, informes, demandas dos nenos e das nenas e análises sobre propostas dos partidos políticos ou sobre o curso do traballo parlamentario, que xeren coñecemento para unha mellora na representación dende a POIG.
- Mapeo de entidades relacionadas coa infancia que teñan como obxectivo o traballo polos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes.
- Seguimento a entidades como posibles novas incorporacións da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia.
- Outras actividades que melloren a coordinación e xestión da Plataforma.

8.2. ÁREA DE ASESORAMENTO

- Asesoramento e orientacións ás entidades relacionadas coa infancia a través da información solicitada sobre datos, informes, programas, proxectos ou actividades dirixidas á mellora dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes.
- Facilitación e apoio ás entidades relacionadas coa infancia, educadores e ao público en xeral que o desexe, para a aplicación e posta en marcha dos recursos dispoñibles pola POIG, tales como guías metodolóxicas, didácticas de actividades e vídeos informativos para o traballo con nenos e nenas e con diversos grupos sociais relacionados coa infancia.



- Asesoramento sobre as políticas xerais e sectoriais dirixidas ao incremento do benestar da infancia, en especial daqueles nenos e nenas en situación de risco individual e social.
- Outras actividades que melloren o asesoramento ás entidades ou sectores que traballan pola infancia e adolescencia.

8.3. ÁREA DE COMUNICACIÓN

Apoio na comunicación a nivel interno e externo:

A nivel interno mediante;

- Apoio na mellora da comunicación internada Plataforma entre as entidades pertencentes.
- Creación ou modificación de bases de datos sobre as entidades membro da Plataforma.
- Posta en funcionamento e seguimento da área privada da web da Plataforma.
- Outras actividades que mellora a comunicación entre as entidades da POIG. A nivel externo mediante;
- Actualización da páxina web da POIG e das diversas redes sociais nas que se integra.
- Difusión das actividades realizadas pola POIG, organizacións pertencentes á mesma, Plataforma de Infancia estatal, e propostas de interese sobre os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes, ademais de noticias de actualidade de interese sobre os mesmos.
- Realización de estratexias audiovisuais que melloren a difusión dos valores da Plataforma e das súas entidades.
- Outras actividades que melloren a comunicación interna e externa da Plataforma.

8.4. ÁREA DE INVESTIGACIÓN

- Apoio na elaboración de informes e estudos sobre o cumprimento dos diversos puntos tratados na Convención dos Dereitos do Neno das Nacións Unidas sobre temas de interese e de actualidade nos diversos ámbitos nos que se enmarca a infancia e adolescencia.
- Sistematización de informes ou datos de interese sobre os dereitos da infancia que propicien un maior coñecemento.
- Apoio na realización de manuais, publicacións ou documentais.
- Outras actividades que melloren a investigación ou os estudos realizados dende a Plataforma.



8.5. ÁREA DE EVENTOS

- Soporte na realización de eventos, tales como campañas, seminarios, conferencias, debates e charlas informativas como método de coñecemento e de concienciación.
- Apoio en actos conmemorativos e de exposicións onde se expoñanos dereitos da infancia e adolescencia.
- Soporte na organización das actividades relacionadas coa conmemoración do aniversario da Convención sobre os Dereitos do Neno, o cal ten lugar cada 20 de novembro.
- Localización e xestión de lugares propicios para a realización de eventos.
- Apoio en listaxes e obtención de materiais para eventos.
- Outras actividades que melloren a realización dos eventos realizados pola Plataforma.

8.6. ÁREA DE SENSIBILIZACIÓN

- Sensibilización dos temas relacionados cos dereitos relacionados coa infancia e adolescencia.
- Organización de actos ou campañas de sensibilización en colexios e institutos, festivais, vídeos ou obras de teatro que sensibilicen ao alumnado; eventos en asociacións, fundacións ou centros culturais a través de exposicións de fotografías, proxeccións de cortos, películas ou recitais benéficos; eventos en administracións públicas, a través de comidas, concertos ou feiras relacionadas coa temática a tratar.
- Organización e difusión dos eventos e dos seus materiais divulgativos (folletos, carteis, entre outros).
- Divulgación e posta a disposición de educadores, familias e público en xeral de materiais educativos baseados nos dereitos dos máis pequenos.
- Tradución de materiais educativos que fomenten os dereitos dos nenos e das nenas.
- Realización de exposicións sobre temáticas relevantes e de actualidade do sector da infancia.
- Impartición de charlas e conferencias ou apoio na coordinación para a súa celebración.
- Outras accións ou actividades que melloren as propostas de sensibilización realizadas dende a Plataforma.



8.7. ÁREA DE ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN INFANTIL

- Creación e seguimento de métodos de participación, onde os nenos, nenas e adolescentes, sexan partícipes do seu propio desenvolvemento.
- Soporte na promoción, asociacionismo e na participación dos nenos, nenas e adolescentes de cara a un maior coñecemento e con vistas a que exerzan o seu dereito a opinar e a ser escoitados.
- Defensa das reivindicación dos nenos e das nenas sobre os seus dereitos, en base as súas opinións e propostas.
- Alineación, posta en marcha, realización, seguimento e/ou avaliación das actividades de participación infantil propostas e realizadas dende a Plataforma da Infancia estatal.
- Asistencia na posta en marcha e realización de espazos participativos de nenos, nenas e adolescentes a través da facilitación de ferramentas metodolóxicas que axuden á elaboración de propostas, demandas e conclusións que contribúan a mellorar a construción das políticas que lles afectene, en consecuencia, a mellorar a súa situación.
- Sistematización por temas das propostas realizadas polos nenos, nenas e adolescentes nos procesos participativos, como parte das reivindicacións da plataforma.
- Traballo con nenos, nenas e adolescentes a través do intercambio de opinións, de ferramentas metodolóxicas e/ou outros recursos pedagóxicos que faciliten a elaboración de propostas, demandas ou conclusións sobre diversos temas relacionados cos seus dereitos.
- Promoción a través dun uso responsable e nun entorno seguro, das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), como mecanismo para o traballo con nenos, nenas e adolescentes dos dereitos dos seus dereitos.
- Realización dunha estratexia permanente, sólida e colaborativa de participación para as entidades que velan polos Dereitos da Infancia.
- Promoción, apoio e seguimento de actividades relacionadas con redes de mozos establecidas para coñecerse, facer equipo e compartir as súas inquietudes, ideas, temas que mais lles afectan ou propostas sobre os seus dereitos.
- Tradución de materiais precisos para a realización de actividades de participación infantil, de cara á súa utilización en Galicia.
- Difusión e material divulgativo das actividades realizadas e relacionadas coa participación infantil.
- Outras tarefas que axuden a unha mellora do asociacionismo e participación infantil.



9. CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES (TEMPORALIZACIÓN E ORZAMENTO)

ÁREAS	TEMPORIZACIÓN	ORZAMENTO/€
ÁREA DE COORDINACIÓN		
<i>Soposte á POIG como representante do sector da infancia</i>	Todo o ano	0
<i>Facilitación de procesos participativos e de acordos coas entidades</i>	Todo o ano	0
<i>Revisión de datos e análises sobre propostas políticas</i>	Todo o ano	0
<i>Mapeo e seguimento de entidades relacionadas coa infancia</i>	Todo o ano	0
ÁREA DE ASESORAMENTO		
<i>Asesoramento e orientación a entidades</i>	Todo o ano	0
<i>Falicitación e apoio requirido para o traballo coa infancia a través de materiais da POIG</i>	Todo o ano	0
<i>Asesoramento sobre políticas relacionadas coa infancia</i>	Todo o ano	0
ÁREA DE COMUNICACIÓN		
<i>Mellora da comunicación entre as entidades membro</i>	Todo o ano	0
<i>Creación e modificación de bases de datos</i>	Todo o ano	0
<i>Posta en funcionamento/seguimento da área privada web da POIG</i>	Nov. e dec.	0
<i>Funcionamento e actualización da páxina web e redes sociais</i>	Todo o ano	1000
<i>Difusión das actividades realizadas</i>	Todo o ano	0
<i>Realización de estratexias audiovisuais</i>	Todo o ano	0
ÁREA DE INVESTIGACIÓN		
<i>Elaboración de informes e estudos</i>	Todo o ano	0
<i>Apoio en sistematizacións</i>	Todo o ano	0
<i>Realización de manuais, publicacións ou documentais</i>	Todo o ano	0
ÁREA DE EVENTOS		
<i>Soposte a eventos</i>	Todo o ano	0
<i>Apoio en actos conmemorativos e exposicións</i>	Todo o ano	0
<i>Soposte á conmemoración do 20 de novembro</i>	Set., out. e nov.	1500
<i>Xestión de localizacións e de materiais</i>	Todo o ano	1800
ÁREA DE SENSIBILIZACIÓN		
<i>Organización de actos de sensibilización</i>	Todo o ano	0
<i>Difusión dos eventos</i>	Todo o ano	0
<i>Tradución de materias educativos</i>	Todo o ano	0
<i>Impartición de charlas e conferencias</i>	Todo o ano	0
ÁREA DE ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN		
<i>Creación e seguimento de métodos de participación infantil</i>	Todo o ano	0
<i>Soposte na promoción, asociacionismo e na participación de nenos, nenas e adolescentes</i>	Todo o ano	0
<i>Defensa das súas reivindicacións</i>	Todo o ano	0
<i>Aliñación coas actividades realizadas coa Plataforma da Infancia</i>	Todo o ano	0
<i>Asistencia e realización de espazos participativos</i>	Todo o ano	0
<i>Sistematizacións das propostas realizadas</i>	Todo o ano	0
<i>Traballo con nenos/as e adolescentes mediante recursos da POIG</i>	Todo o ano	0
<i>Realización dunha estratexia permanente de colaboración coas entidades da POIG</i>	Todo o ano	0
<i>Promoción e apoio a redes de mozos unidos a sobre os seus dereitos</i>	Todo o ano	0
<i>Tradución de materiais de actividades</i>	Maio e xuño	0



10. PROCESO DE XESTIÓN DO VOLUNTARIADO

10.1. ACOLLIDA E ORIENTACIÓN

Este proceso representa o primeiro contacto coa persoa interesada na realización dun voluntariado coa Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia.

Nesta fase recóllense algúns momentos clave para a incorporación da persoa voluntaria na plataforma:

- Información previa: a mesma pode ser ofrecida por distintos canles coa finalidade de informar ás persoas voluntarias sobre a Plataforma, os seus proxectos e a acción voluntaria que desenvolve.
- Entrevista e/ou sesión informativa: lévanse a cabo coa finalidade de que a persoa voluntaria coñeza a Plataforma e as súas formas de participación. Desta maneira, pódese valorar se os eixes nos que se desenvolven as accións voluntarias realizadas pola plataforma compren coas expectativas postas na súa participación.
- Orientación: realízase coa finalidade de axustar as características da persoa voluntaria coas necesidades dos diferentes proxectos e/ou actividades desenvolvidas pola Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, para garantir o éxito da súa incorporación e participación.

10.2. INCORPORACIÓN

Nesta fase, durante unha entrevista persoal, establécense os termos do Acordo de Incorporación como Voluntario na Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, procédese á sinatura e infórmase da póliza de seguros de riscos de accidentes subscrita que cubra o desenvolvemento da actividade voluntaria, así como a terceiros polos danos e prexuízos eventualmente causados polas persoas voluntarias no exercicio da actividade.



10.3. FORMACIÓN

A formación, ten por obxecto capacitar ás persoas voluntarias para as actividades que van a desenvolver como membro da organización.

A formación do voluntariado corresponde á transmisión de coñecementos, habilidades e valores, coa finalidade de realizar unha acción de calidade.

10.4. DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN VOLUNTARIA

Unha vez establecidas as tarefas asignadas ao novo voluntario, é fundamental o seu acompañamento durante a incorporación ás mesmas. Este acompañamento ten como finalidade o fortalecemento da súa implicación e motivación, a mellora na calidade da súa intervención, unha detección rápida das súas necesidades e/ou dúbidas e unha mellor formación.

10.5. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

Ao longo do desenvolvemento das tarefas realizadas pola persoa voluntaria, a Plataforma realiza unha avaliación continua e unha avaliación final, a través dun acompañamento continuo e unha avaliación final das tarefas, grado de cumprimento e satisfacción dos obxectivos previstos.

A coordinación, o acompañamento continuo e a avaliación final das tarefas realízas pola persoa voluntaria, será levado a cabo pola persoa responsable da Secretaría Técnica da entidade. A mesma, será a persoa responsable da coordinación do voluntariado en todas as súas fases, a través dun acompañamento diario sobre as actividades e obxectivos que se pretenden lograr coa acción voluntaria, descrito no acordo de colaboración.

Os indicadores de seguimento utilizados serán indicadores de resultados, centrándonos en indicadores de actividade que permitan avaliar a execución das actividades previstas e realizadas (realización, número de participantes, etc.) descritas no acordo de colaboración asinado entre o voluntario e a entidade.

Ao rematar a acción voluntaria, cada voluntario realizará un breve informe no que quedarán reflexadas as actividades realizadas durante o período e, co obxectivo de mellorar a acción voluntaria da POIG, as propostas que desexe trasladar á organización.



10.6. DESVINCULACIÓN

Trátase da despedida da persoa voluntaria como última fase do proceso.

No mesmo, interesámonos polos motivos da súa marcha agradecéndolle o traballo realizado na entidade.

Son varios os motivos que poden levar a que a persoa voluntaria a desvincularse, entre os que destacan:

- A renuncia da persoa voluntaria.
- O incumprimento, por parte da persoa voluntaria, dos compromisos adquiridos no acordo inicial.
- Pérdida das aptitudes precisas para o desempeño da actividade elixida da persoa voluntaria.
- Imposibilidade de dar ocupación efectiva á persoa voluntaria ou de continuar co desenvolvemento do proxecto ou actividade á que está adscrito.
- Declaración de incapacidade da persoa voluntaria.

Calquera que sexan os motivos manifestados polo voluntario, establecerase unha entrevista de saída da plataforma na que podemos identificar os motivos que levan á persoa voluntaria a cesar nas actividades ou, pola contra, os motivos polos que a POIG prescinde da participación da persoa voluntaria.

As observacións recollidas sobre o funcionamento da entidade ou sobre a acción voluntaria que dan pé a unha mellora na xestión e acompañamento do voluntario.

Adicionalmente, valoraranse outras formas de colaboración coa mesma persoa, xa sexa de forma máis puntual ou de cara a súa reincorporación no futuro. Será o momento para agradecer a súa colaboración e implicación nas tarefas elixidas dentro da asociación.

Finalmente, asinaranse os documentos que formalicen a extinción do contrato de voluntariado e darase de baixa o seguro vinculado á persoa voluntaria.

10.7. DESVINCULACIÓN

Logo do desvinculamento da persoa voluntaria, a POIG emitirá un certificado de colaboración a aqueles voluntarios que o requiran.

No caso de persoas que dedicasen horas de voluntariado a cambio de créditos ou un número determinado de horas de prácticas para poder completar a súa formación, a POIG porá unhas condicións mínimas a estas persoas para participar como voluntarias e recibir como contraprestación un certificado que lle sirva para xustificar as súas prácticas ou créditos.



11. DEREITOS DA PERSOA VOLUNTARIA

No artigo 7 da Lei 10/2011 do 28 de novembro de Acción Voluntaria da Comunidade Autónoma de Galicia, enúncianse os dereitos das persoas voluntarias:

- a) A que se garanta a súa dignidade e intimidade persoal e familiar así como a protección dos datos de carácter persoal na execución dos programas de acción voluntaria.
 - b) A recibiren unha acción voluntaria de calidade, que se desenvolva de acordo con programas ou proxectos que garantan a calidade das actuacións.
 - c) A solicitaren a substitución da persoa voluntaria asignada, cando existan causas que así o xustifiquen e no caso de que a entidade poida atender a súa petición.
- Así mesmo, poderase prescindir, en calquera caso e momento, da acción voluntaria mediante renuncia escrita ou mediante calquera outro procedemento que deixe constancia da súa decisión.
- d) A colaboraren na avaliación da acción voluntaria a elas dirixida.
 - e) A solicitaren a intervención da entidade de acción voluntaria para a resolución das cuestións ou dos conflitos xurdidos coas persoas voluntarias integrantes desta.
 - f) A que os programas de acción voluntaria non supoñan na súa execución ningunha inxerencia sobre as liberdades constitucionalmente recoñecidas e, en particular, sobre as liberdades ideolóxica, política e relixiosa e de culto.
 - g) A recibiren información sobre os programas ou os proxectos sobre as actuacións das que sexan destinatarias, tanto con carácter previo ao seu inicio coma durante a súa execución.
 - h) Os demais dereitos recoñecidos no resto do ordenamento xurídico.



11. DEREITOS DA PERSOA VOLUNTARIA

Cando a acción voluntaria se dirixa a unha persoa destinataria individualizada, esta, ao aceptala, asumirá os seguintes deberes, enunciados no artigo 8 da mesma Lei 10/2011:

- a) Colaborar coas persoas voluntarias, respectar e facilitar o seu labor, na medida en que sexa posible, na execución dos programas dos que se beneficia.
- b) Non lles ofrecerás persoas voluntarias ou ás entidades contraprestación pola acción voluntaria levada a cabo.
- c) No caso de prescindir dos servizos dun determinado programa de acción voluntaria, notifícalo coa antelación suficiente para evitar prexuízos a este.
- d) Non lle esixir á persoa voluntaria actuacións que non correspondan á natureza da acción voluntaria, debendo observar as instrucións que se establezan para o adecuado desenvolvemento da acción voluntaria.
- e) Os demais deberes que deriven da normativa aplicable.

13. MARCO NORMATIVO

O marco normativo no cal se enmarca o presente Plan de Voluntariado da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, ten como referencias a Lei 10/2011 do 28 de novembro de Acción Voluntaria de Galicia, e a Lei 13/2008 do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia.